

VIEIROS

Publicación Murguía

INVESTIGACIÓN

O 36 en Compostela

Recuperar a memoria histórica non é só unha obriga e un deber que as xentes de Galiza teñen a respecto da súa propia vida. É, asemade, un exercicio de amor e de tenrura cara aos homes e mulleres que, ademais da represión tiveron despois que sufrir o silencio. A traxedia terrible de 1936 en Compostela, en Galiza, no Estado Español vai, pouco a pouco, recuperando a súa verdade e os paseados, represaliados, exilados, fusilados voltar a ter vida, rostro, historia e familia. Nesta tarefa común imos hoxe falar de xentes de Compostela: de Narciso Vilar Fraga, María Miramontes, da Recachanta e o seu home, nomes a engadir aos xa coñecidos de Ánxel Casal, Díaz Baliño, Pasín e outros moitos.

- 11:29 02/03/2006

Narciso Vidal Fraga, o tío Narciso, sufriu o silencio na casa, na familia e no seu entorno. Non se falaba del en ningures. O meu descubrimento da súa vida e historia foi por azar, nun traballo de hemeroteca para os cursos de doutoramento atopei unha esquela de cabodano do 1937, logo paseniñamente, fun desvelando que a súa morte non fora natural nen se debera ao andazo da tise ou tuberculose do que morreu tanta xente nova, é dicer, da súa idade, durante os anos 30, 40 e 50, como tampouco foi natural a tolura da súa nai, a avoa do Castiñeiríño, nen a morte da súa irmá, esa si tuberculosa, acosada, perseguida por un garda civil; grazas despois, a persoas como Borobó, Isaac Díaz Pardo, entre outros, descubrín a súa traxectoria vital e política. Posteriormente, as obras de Antón Capelán Rei, Luis Lamela entre outros, permitíronme estudar, saber e descubrir a súa vida e, mesmo, recuperar unha foto do arquivo familiar.

Narciso Vidal Fraga naceu en Santiago, no barrio do Castiñeiríño (aínda Concello de Conxo) e estudou Dereito nesta cidade e, de mozo, participou activamente na FUE, formaba parte da tuna compostelá e era un rapaz alegre, esperanzado, cheo de ilusión, bo conversador, festeiro, republicano, seguidor fiel da Institución Libre de Ensenanza e da Residencia de Estudiantes...

...más en Murguía. Revista Galega de Historia